



ENTRADAS E SAÍDAS ALUMNADO BACHARELATO

Ver planos nº 1 a 8, onde se dan detalles sobre formacións, rutas de circulación e portas de acceso.

O alumnado deberá entrar e saír UNICAMENTE polas portas asignadas a cada grupo USANDO EN TODO MOMENTO A MÁSCARA DE PROTECCIÓN.

Todas as circulacións no IES faranse en ringleira de a UN, gardando as distancias de seguridade e acompañados polo profesorado que teña asignado o grupo a esas horas.

ENTRADAS XERAIS (MAÑÁ E TARDE)

O alumnado de Bacharelato entrará a partir das 8:25h pola Porta 2 (porta pequena do patio).

O alumnado de 2º B BAC e de 2º C BAC accederá ao centro pola porta do corredor da Biblioteca e entrarán nas súas aulas (A-003 e T-001) de forma ordenada e gardando a distancia de seguridade.

O alumnado de 1º Bacharelato e de 2º A BAC situaranse nas ringleiras situadas na parte esquerda do patio, xunto ao Ximnasio, colocándose de un en un e gardando a distancia de seguridade de 1,5 m, e agardarán ao profesor/a co que teñan clase, ou de ser o caso profesor/a de garda, para entrar ao edificio.

A entrada efectuarase en orde, de esquerda a dereita, empezando pola fila situada á esquerda.

1º A BAC, 1º B BAC e 2º A BAC subirán pola escaleira principal ata as súas aulas.

1º C BAC accederá ao centro pola porta do corredor da biblioteca e entrará na súa aula (T-002)

O alumnado que chegue tarde dirixirse á entrada principal, esperará ao carón das formacións que aínda non teñan entrado e entrará pola porta principal cando llo indique o profesorado de garda.

Recórdase que 3 faltas de puntualidade supoñen un parte de incidencias.

RECREO

SAÍDA RECRO

O profesorado a quen corresponda a hora lectiva previa ao recreo terá ao alumnado, na súa aula de referencia, preparado para saír ordenadamente e respectando a distancia de seguridade no horario establecido pola dirección de xeito que se eviten demoras.

- PLANTA BAIXA

Os grupos situados no corredor da Biblioteca sairán cando toque o segundo timbre (11:00 h)

- PRIMEIRA PLANTA

Todos os grupos da primeira planta sairán cando toque o primeiro timbre (10:57 h).

Os grupos á dereita da Sala de Profesores (da A101 á A104) e aula A105 pola escaleira principal, e os grupos á esquerda da Sala de Profesores (da A106 á A110 e Aula de Debuxo) pola escaleira lateral, empezando polo grupo que se encontra máis próximo ás escaleiras e seguindo as indicacións dos profesores de cada grupo.



- **SEGUNDA PLANTA**

Todos os grupos da segunda planta sairán cando toque o segundo timbre (11:00 h).

Os grupos situados á dereita (A201, A202, A203 e A204) pola escaleira principal, e os grupos á esquerda (A205, A206 e A207) pola escaleira lateral, empezando polo grupo que se encontra máis próximo ás escaleiras e seguindo as indicacións dos profesores de cada grupo.

O alumnado de Bacharelato dirixirase á porta principal para saír ao exterior do edificio (os de 1º C BAC e os de 2º de Bacharelato B e C dende o corredor da Biblioteca).

O alumnado de Bacharelato que, de modo excepcional e por razóns académicas, desexe permanecer durante o recreo no instituto, deberá pedir cita previa, con dous días de antelación, e facilitaráselle un espazo.

ENTRADA RECREO

1º DE BACHARELATO e 2º A DE BACHARELATO:

O alumnado de Bacharelato entrará pola Porta 2 (a pequena do patio), a partir das 11:25 h, de un en un, gardando a distancia de seguridade e formará no patio da seguinte maneira:

- 1º A BAC na ringleira correspondente ao seu grupo (1ª da esquerda).
- 1º B BAC na ringleira seguinte (2ª da esquerda) ao lado do anterior.
- 1º C BAC formará no patio na 3ª columna da esquerda, a carón de 1º B BAC.
- 2º A BAC formará no patio na 4ª columna da esquerda, a carón de 1º C BAC

Ver plano nº 17-BIS.

Agardarán ao profesor/a co que teñan clase, ou de ser o caso ao de garda, para entrar ao edificio.

Non se abandonará a formación ata que o curso precedente teña finalizada a saída do patio e esta rematará una vez chegados á aula e sentados na cadeira asignada ao alumno.

Entrarán despois do último grupo da ESO e será por esta orde: 1º A BAC, 1º B BAC , 1º C BAC e 2º A BAC.

1º A BAC, 1º B BAC e 2º A BAC subirán pola escaleira principal ata as súas aulas.

1º C BAC accederá ao centro pola porta do corredor da Biblioteca e entrará na súa aula (T-002)

2º B e 2º C DE BACHARELATO:

A entrada efectuarase a partir das 11:25h pola Porta 2 (porta pequena do patio) e dirixiranse polo corredor da Biblioteca ata a súa aula, de forma ordenada e gardando a distancia de seguridade.

O alumnado que chegue tarde, esperará ao carón das formacións que aínda non teñan entrado e entrará pola porta principal cando llo indique o profesorado de garda.

Recórdase que 3 faltas de puntualidade supoñen un parte de incidencias.



SAÍDAS XERAIS (MAÑÁ E TARDE)

O profesorado a quen corresponda a última hora lectiva previa á saída velará porque o material está recollido e desinfectado polo alumnado; e o alumnado preparado para saír ordenadamente e respectando a distancia de seguridade no horario establecido pola dirección de xeito que se eviten demoras.

- **PLANTA BAIXA**

Os grupos situados no corredor da Biblioteca sairán cando toque o segundo timbre (14:00 h no horario de mañá e 17:40h no horario de tarde)

- **PRIMEIRA PLANTA**

Todos os grupos da primeira planta sairán cando toque o primeiro timbre (13:57 h no horario de mañá e 17:37h no horario de tarde). Os grupos á dereita da Sala de Profesores (da A101 á A104) e aula A105 pola escaleira principal, e os grupos á esquerda da Sala de Profesores (da A106 á A110 e Aula de Debuxo) pola escaleira lateral, empezando polo grupo que se encontra máis próximo ás escaleiras e seguindo as indicacións dos profesores de cada grupo.

- **SEGUNDA PLANTA**

Todos os grupos da segunda planta sairán cando toque o segundo timbre (14:00 h no horario de mañá e 17:40h no horario de tarde). Os grupos situados á dereita (A201, A202, A203, A204 e Laboratorios) pola escaleira principal, e os grupos á esquerda (A205, A206 e Aula de Música) pola escaleira lateral, empezando polo grupo que se encontra máis próximo ás escaleiras e seguindo as indicacións dos profesores de cada grupo.

O alumnado de Bacharelato irá ao patio e sairá ao exterior do centro pola mesma porta que entraron. Non se permite que o alumnado quede formando agrupacións nos patios ou que xogue nos mesmos.